PROTOCOLO ANTIACOSO

DOWN Galicia

COMO GARANTIMOS UN AMBIENTE LABORAL SEGURO NAS ENTIDADES DOWN?

01
TOLERANCIA CERO

Down Galicia comprométese a previr e erradicar calquera forma de acoso, protexendo a dignidade, liberdade sexual e integridade moral no traballo

02
POR QUE UN PROTOCOLO

Para garantir un entorno laboral seguro, respectuoso e igualitario, onde ningunha persoa sexa vítima de acoso ou discriminación

03
ÁMBITO DE APLICACIÓN

Aplica a todo o persoal e terceiros relacionados coa entidade, en calquera lugar ou actividade vinculada ao traballo

04
DEFINICIÓN DE ACOSO

O acoso inclúe violencia física, psicolóxica, sexual, discriminatoria e dixital. Cada caso será abordado con dilixencia e rigor

05
MEDIDAS PREVENTIVAS

Promóvense avaliacións de riscos psicosociais, formación obrigatoria e accións de sensibilización para previr situacións de acoso

06
PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

As denuncias serán tratadas de forma confidencial, cunha investigación imparcial e medidas cautelares para protexer ás vítimas

07
GARANTÍAS DO PROCESO

Garantimos confidencialidade, dilixencia, imparcialidade e a prohibición de represalias contra quen denuncie ou colabore no procedemento

08
SANCIÓNS E RESTITUCIÓN

As persoas culpables serán sancionadas segundo a gravidade dos feitos, garantindo a protección e recuperación da vítima

09
SEGUIMENTO

Realizaranse avaliacións periódicas e medidas correctoras para evitar a reincidencia, fortalecendo a prevención e seguridade no lugar de traballo

10
COMPROMISO INSTITUCIONAL

Down Galicia mantén unha política activa de promoción de boas prácticas, garantindo un ambiente laboral baseado no respecto e igualdade